

BORRADOR ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS PARA O ESTABLECEMENTO DO COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO DO POSTO DE TRABALLO PARA O PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA.

Versión 04.10.2022

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En primeiro lugar, cómpre realizar unha breve referencia á situación anterior ao presente acordo, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que mediante a modificación operada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, estableceu a existencia dun sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao grao persoal, namentres non se desenvolva o sistema de carreira profesional previsto no artigo 77 da dita lei. Quedando configurado como unha retribución adicional ao complemento de destino.

Posteriormente mediante a Orde da Consellería de Facenda do 15.01.2019 publicouse o acordo de concertación do emprego público de Galicia, cuxa sección segunda denomínase sistema de carreira profesional. Esta denominación puido levar a confusión, se ben, realmente este acordo pretendía posibilitar a implantación do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa previsto na devandita disposición transitoria e non no artigo 77 do mesmo texto legal.

En desenvolvemento do devandito acordo, publicouse a Orde da Consellería de Facenda do 28.03.2019 polo que se publica o acordo para para a implantación do réxime extraordinario de acceso ao grao I do sistema de carreira profesional do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal laboral fixo do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. De novo, cómpre facer constar que erroneamente se emprega a terminoloxía de carreira profesional, cando

realmente estase a desenvolver o sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa.

Posteriormente distintos pronunciamentos xudiciais anulan parcialmente as Ordes anteriormente indicadas.

O feito de incluír ao persoal laboral fixo no dito réxime de carreira profesional basébase en permitir percibir esas cantidades de levarse a cabo a súa funcionarización. Optouse por esta vía, en lugar de posibilitar solicitar a percepción logo da súa funcionarización.

O presente ten por finalidade establecer para o persoal laboral un complemento equivalente ao establecido para o persoal funcionario na disposición transitoria oitava da Lei 2/2015. Cómpre facer constar que dentro do persoal laboral existen as seguintes especialidades:

En primeiro lugar, está o persoal laboral fixo que cumpre os requisitos para a súa funcionarización. Trátase do persoal laboral fixo que superou un proceso selectivo dentro das datas que fixa o Estatuto Básico do Empregado Público e que pertence a unha categoría profesional incluída no Anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro. Para este persoal establécese o requisito comprometerse a participar e superar o vindeiro proceso de funcionarización ao que se lle convoque. Este requisito responde á decisión desta Administración de conseguir que a maioría dos postos de traballo sexan desempeñados por persoal funcionario.

En segundo lugar, temos o persoal laboral fixo en virtude do Decreto 289/2001 do 15 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e aplicación do previsto na disposición transitoria décimo primeira da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia. Este persoal laboral dado que non cumpre os requisitos para a súa funcionarización,

como así ten confirmado o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e polo tant non pode ter a esixencia do dito compromiso.

En terceiro lugar, temos o persoal laboral indefinido non fixo que teña unha antigüidade anterior ao 01/07/1998 na prestación de servizos para a Xunta de Galicia en virtude de sentenza xudicial que recoñeza a súa condición de persoal laboral indefinido ten os mesmos dereitos que o persoal laboral fixo, en aplicación da disposición transitoria décima, primeira parte, do Convenio Colectivo da Xunta de Galicia. Este persoal en aplicación da dita disposición ten os mesmos dereitos que o persoal laboral fixo, se ben, tampouco cumpre os requisitos para a súa funcionarización, como ten sinalado o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e polo tanto, tampouco se lle pode esixir o requisito do compromiso da súa funcionarización

En cuarto lugar, temos ao persoal laboral fixo - discontinuo cunha actividade inferior aos nove meses ao ano. A este persoal tampouco se lle pode esixir o requisito do compromiso da súa funcionarización, dado que o propio Decreto 165/2019, o exclúe da mesma.

En quinto lugar, temos ao persoal laboral fixo que pertence a unha categoría non incluída no Anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que tampouco é susceptible de funcionarizarse, por este motivo, a este persoal tampouco se lle pode esixir o requisito do compromiso da funcionarización.

En sexto lugar, temos ao persoal laboral temporal. Este persoal non cumpre os requisitos para a súa funcionarización tal e como establece o Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, e por este motivo, tampouco se lle pode esixir o compromiso da súa funcionarización.

Finalmente, cómpre indicar que aquel persoal pertencente a algún ente instrumental da Administración da Xunta de Galicia, pasará a estar incluído no ámbito de aplicación do presente acordo no momento no que se produza a súa integración como persoal laboral da Xunta de Galicia ao abeiro do Decreto 129/2012, do 31 de maio, *polo que se regula o réxime aplicable a persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.*

Polos motivos expostos acórdase implantar o complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral da Xunta de Galicia coa finalidade de establecer un complemento equivalente ao complemento establecido para o

persoal funcionario pola disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril.

O complemento de desempeño para o persoal laboral da Xunta de Galicia establecerase de acordo coas seguintes bases:

Sección primeira: Disposicións xerais

Primeiro. *Ambito subxectivo*

O complemento de desempeño para o persoal laboral da Xunta de Galicia será de aplicación ao seguinte persoal:

- a) Persoal laboral fixo da Xunta de Galicia que cumpre os requisitos para a súa funcionarización de conformidade co establecido na disposición transitoria segunda da Lei 2/2015, do 29 de abril e do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, **que non se atope proposto para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira por non ter rematado o seu proceso de funcionarización.**
- b) Persoal laboral fixo en virtude do Decreto 289/2001 do 15 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e aplicación do previsto na disposición transitoria décimo primeira da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.
- c) Persoal laboral fixo que pertence a unha categoría non incluída no Anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro. Estas categorías relaciónanse no Anexo III deste acordo. **E o persoal que estando a súa categoría incluída no citado Anexo do Decreto e tras ter superado o proceso de**

funcionarización non poden adquirir a condición de persoal funcionario de carreira por carecer dalgún dos requisitos exixidos pola normativa aplicable.

- d) Persoal persoal laboral indefinido non fixo que teña unha antigüidade anterior ao 01/07/1998 na prestación de servizos para a Xunta de Galicia en virtude de sentenza xudicial que recoñeza a súa condición de persoal laboral indefinido ten os mesmos dereitos que o persoal laboral fixo, en aplicación da disposición transitoria décima, primeira parte, do Convenio Colectivo da Xunta de Galicia.
- e) Persoal laboral fixo - discontinuo cunha actividade inferior aos nove meses ao ano.
- f) Persoal laboral temporal non incluído nas letras anteriores.

Sección segunda: sistema de recoñecemento do complemento de desempeño do posto.

Segundo. Sistema de recoñecemento do complemento de desempeño do posto.

O complemento de desempeño do posto iniciarase cun grao inicial e terá catro graos máis, aos cales se accederá cunha determinada permanenza no grao anterior sempre que se cumpran os requisitos establecidos e se teña unha avaliación favorable. **O complemento de desempeño está vinculado ao grupo ao que pertence o persoal.**

Será requisito para o recoñecemento do grao superior do complemento de desempeño a permanencia continuada ou ininterrompida do persoal laboral no correspondente grupo profesional do seguinte período de tempo mínimo para

cada grao:

- Para o acceso ao Grao I: Cinco anos desde a adquisición do grao inicial.
- Para o acceso ao Grao II: Seis anos desde a adquisición do grao I.
- Para o acceso ao Grao III: Seis anos desde a adquisición do grao II.
- Para o acceso ao Grao IV: Sete anos desde a adquisición do grao III.

Considerarase permanencia cando a persoa laboral estea en situación de excedencia por coidado de familiares (regulada no artigo 176, da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia), por razón de violencia de xénero (artigo 177) e por razón de violencia terrorista (artigo 177 bis).

O desempeño de funcións de superior categoría en ningún caso consolidará as cantidades nin o grao superior do complemento de desempeño.

Aquel persoal laboral que, estando incluído no ámbito de aplicación subxectivo, teña recoñecido o grao I do complemento de carreira profesional ao abeiro da Orde do 28.03.2019, considerarase que equivale ao grao I do complemento de desempeño.

Terceiro. Retribución do complemento de desempeño

O grao inicial non terá retribución.

Os graos I a IV recoñecidos aboaranse mediante un complemento retributivo.

Este complemento será adicional aos conceptos retributivos actualmente existentes na estrutura salarial do persoal laboral.

As contías anuais que se perciban por este complemento devindicaranse en 12 mensualidades e serán as seguintes (por cada grao):

GRUPO I	2.589,12 €
GRUPO II	1.812,00 €
GRUPO III	1.168,56 €
GRUPO IV	991,80 €
GRUPO V	801,48 €

Estas contías serán actualizadas anualmente coa porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos para a retribución do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

En caso de que o persoal laboral acceda a un grupo o subgrupo superior a través dos procedementos establecidos de promoción interna ou de acceso libre, o período correspondente poderá computarse como período de permanencia para os efectos de de acceso ao grao que corresponda. Esta promoción interna non afectará ao grao de carreira xa recoñecido. Queda excluído do disposto neste apartado o desempeño de funcións de superior categoría.

Se o acceso se produce nun grupo diferente manterá o dereito a percibir o complemento de desempeño correspondente ao grao ou graos recoñecidos no grupo anterior. E comezará a progresión no complemento de desempeño no novo grupo.

No suposto de que se teñan recoñecidos graos retribuídos en diversos grupos percibirase o complemento de desempeño correspondente a todos os graos recoñecidos, ata o límite de catro graos. Cando o persoal laboral teña recoñecido máis de catro graos, percibirá o complemento de desempeño correspondente aos catro graos de maior contía.

Cuarto. Consolidación do recoñecemento extraordinario do grao I do sistema de carreira profesional convocado no ano 2019.

Todo persoal que teña recoñecido o grao I da carreira profesional convocado no ano 2019 ou o teña adquirido por recoñecemento administrativo e/ou sentenza xudicial firme manterá este complemento.

Quinto. Sistema de acceso ao graos I

1. No segundo semestre de 2022 tramitarase a convocatoria de acceso ao grao I do complemento de desempeño para aquel persoal laboral, **que estando incluído no ámbito subxectivo deste acordo, acredite cinco anos de antigüidade ininterrumpida a 31.12.2021 e que non teña recoñecido o grao I ao abeiro da Orde do 28.03.2019.**

2. Poderá participar o persoal laboral que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza),

b) Ter a condición de persoal laboral nesta Administración e coa antigüidade anteriormente indicada **a 31.12.2021.**

c) Cumprir algún dos criterios de avaliación establecidos no anexo I para o grao I **a 31.12.2021.**

3. En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento deste complemento de desempeño correspondente ao grao I recoñecido producirase de maneira progresiva en tres anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución que se indica a seguir:

- En 2022 o 50 %
- En 2023 o 75 %
- En 2024 o 100 %

4. Non obstante, para o persoal integrado como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia procedente do extinto Cixtec ao abeiro da Orde do 8 de xullo de 2022 (DOG núm. 132, do 12.07.2022), e que asine o compromiso de funcionarización, en cumprimento do acordado con este persoal os prazos son os seguintes:

- Con efectos do 01.01.2020 o 33%
- Con efectos do 01.01.2021 o 66%
- Con efectos do 01.01.2022 o 100%

Sexto. Sistema de acceso ao grao II

No segundo semestre do ano 2022, tramitarase a convocatoria de acceso ao grao II do complemento de desempeño para aquel persoal laboral que estando incluído no ámbito de aplicación deste acordo, acredite once anos de antigüidade ininterrumpida a 31.12.2021 e teña recoñecido ao grao I ao abeiro da Orde do 28.03.2019.

2. Poderá participar o persoal laboral que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza).

b) Ter a condición de persoal laboral nesta Administración e coa antigüidade anteriormente indicada a 31.12.2021.

c) Cumprir algún dos criterios de avaliación establecidos no anexo II para o grao II a 31.12.2021.

3. En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento deste complemento de desempeño correspondente ao grao I recoñecido producirase de maneira progresiva en tres anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución que se indica a seguir:

- En 2022 o 50 %
- En 2023 o 75 %
- En 2024 o 100 %

Sétimo. Sistema extraordinario de acceso ao grao III

No segundo semestre do ano 2024, a Dirección Xeral da Función Pública publicará a convocatoria para que aqueles/as que teñan recoñecido o grao II, e cunha antigüidade de 17 anos, poidan solicitar o encadramento no grao III. O dito grao será recoñecido con efectividade do 1 de xaneiro 2025, segundo sexa o caso, a aqueles que cumpran os requisitos establecidos.

Sección terceira: disposicións finais

Oitavo. Dispoñibilidade orzamentaria

Coa finalidade de garantir a suficiencia e a sostenibilidade orzamentaria, no suposto que mediante circunstancias non previstas no presente acordo resulte ampliado o seu ámbito subxectivo, de xeito que se incremente o custo da implantación do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, poderán modificarse as anualidades e/ou as porcentaxes de pagamento previstos **nos apartados quinto e sexto**.

Da dita decisión darase conta a comisión de seguimento recollida no apartado seguinte.

Noveno. Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión de seguimento coas funcións de vixilancia, interpretación e control, así como as que se sinalan no presente acordo, que estará composta por un membro de cada unha das organizacións sindicais asinantes ou adheridas a este, e un número igual de persoas por parte da Administración. Presidirá a persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública ou persoa en que este delegue e será secretario/a un/unha funcionario/a público/a con rango de subdirector/a xeral ou xefe/a de servizo, que actuará con voz pero sen voto.

Anexo I

1. Para este réxime extraordinario de acceso ao Grao I do complemento de desempeño do persoal laboral establécense os seguintes criterios de avaliación, dos que soamente será necesario acreditar un para este recoñecemento:

a) Formación

-Recibida: asistencia e, de ser o caso, superación de cursos organizados e impartidos directamente por: a Escola Galega de Administración Pública, a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), a Academia Galega de Seguridade Pública, as escolas oficiais de formación do Estado e das restantes comunidades autónomas, cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e cursos impartidos por algunha Consellería da Xunta de Galicia, ou por algún ministerio da Administración Xeral do Estado ou por universidades, entes locais (concellos, deputacións provinciais). A suma de todos os cursos debe consistir nun mínimo de 4 créditos/40 horas. A estes efectos tamén serán considerados os cursos da lingua galega (iniciación, perfeccionamento, medio ou superior de linguaxe administrativa galega ou o ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas) homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, sempre que sexan dun nivel superior ao requirido para o desempeño do posto de traballo no correspondente Corpo, Escala ou categoría profesional.

A estes efectos os cursos impartidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística consideranse como impartidos por unha Consellería da Xunta de Galicia.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica. Tampouco se valoran módulos separados dun determinado curso.

-Impartida: para os/as empregados/as públicos/as que impartisen os cursos anteditos: 10 horas.

b) Realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA)/título de doutor/máster

universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario.

c) Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Administración pública.

d) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores.

e) Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.

f) Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores convocado pola Axencia Galega de Innovación.

Anexo II

1. Para este réxime extraordinario de acceso ao Grao II do complemento de desempeño do persoal laboral establécense os seguintes criterios de avaliación, dos que soamente será necesario acreditar un para este recoñecemento:

a) Formación

-Recibida: asistencia e, de ser o caso, superación de cursos organizados e impartidos directamente por: a Escola Galega de Administración Pública, a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), a Academia Galega de Seguridade Pública, as escolas oficiais de formación do Estado e das restantes comunidades autónomas, cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal e cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e cursos impartidos por algunha Consellería da Xunta de Galicia, ou por algún ministerio da Administración Xeral do Estado ou por universidades, entes locais (concellos, deputacións provinciais). A suma de todos os cursos debe consistir nun mínimo de 8 créditos/80 horas.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica. Tampouco se valoran módulos separados dun determinado curso.

-Impartida: para os/as empregados/as públicos/as que impartisen os cursos anteditos: 20 horas.

b) Realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA)/título de doutor/máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario.

c) Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Administración pública.

d) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores.

e) Nomeamento e participación na totalidade de dous procesos como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.

f) Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores convocado pola Axencia Galega de Innovación.

ANEXO III

1. Relación de categorías profesionais non susceptibles de funcionarizar

GRUPO II:

- II-03: estimulador/a. Psicomotricista.
- II-04: Mestre/a instrutor/a. Instrutor/a. Mestre/a taller da C. De Educación. Monitor/a de actividades docentes. Monitor/a (titulado/a medio/a).

- II-05: Profesor/a. Profesor/a titular. Profesor/a EXB. Mestre/a. Profesor/a de educación física. Profesor/a de matemáticas.
- II-09: Axudante/a de desenvolvemento rural.
- II-22: Monitor de capacitación agraria.
- II-33: Profesor/a de danza clásica.
- II-33bis: Fotógrafo/a artístico/a.
- II-35: Pianista.
- II-38: Perito/a xudicial diplomado/a.
- II-42: Xestor/a de documentación.

GRUPO III:

- III-03: Controlador/a pecuario/a. Axudante/a técnico/a pecuario/a
- III-12: Mestre/a de taller.
- III-15: Experto/a en exposicións.
- III-18: marcador de metais preciosos.
- III-20: mestre/a industrial
- III-22: encargado/a de sección de enerxía da Consellería de Industria.
- III-24: encargado/a de rede estatística.
- III-25: Capataz coordinador/a de pesca.
- III-28: mecánico/a naval de 1ª.
- III-32: Encargado/a de reprografía.
- III-34: Especialista de oficios (debuxante)
- III-36: Experto/a audiovisuais.
- III-37: Técnico/a de son.
- III-39: Rexedor/a de escena.
- III-43: Encargado/a de estrutura escénica. Encargado/a de taller de escenografía. Técnico/a de máquinas IGAEM.
- III-45: Técnico/a de luces.
- III-51: Perito/a xudicial. BVP.
- III-52: Tradutor/a. Intérprete da Adm. De xustiza.
- III-54: Técnico/a especialista en radioloxía.
- III-54 BIS: Hixienista dental.
- III-55: Patrón de embarcación
- III-66: Axudante/a de taller.
- III-71: Oficial 1ª xardineiro.
- III-74: Oficial de primeira albanel.
- III-76: Oficial primeira electricista
- III-88: Capataz explotacións marisqueiras.
- III-92: Capataz forestal
- III-94: Técnico/a en imaxe e son
- III-95: Práctico/a de topografía.
- III-97: Auxiliar de son.
- III-98: Auxiliar de luces.
- III-101: Proxeccionista.
- III-102: Encardenador/a.
- III-103: Entrevistador/Enquisador.
- III-105: Mestre/a en música tradicional.

GRUPO IV:

- IV-02: Auxiliar mecánico/a. Oficial 2ª mecánico/a. Mecánico/a reparación de obras.
- IV-07: Garda xuramentado/a fluvial. Garda explotación.
- IV-20: conserxe.
- IV-21: Oficial/a 2ª carpinteiro/a, auxiliar carpintaría
- IV-23: Mestre/a gaitero.
- IV-24: Xastre/a.
- IV-25: Cargador/a tremoeiro.
- IV-29: mariñeiro/a.
- IV-31: legoeiro/a.
- IV-34: Axudante/a restauración produccion cinematográfica.
- IV-37: Oficial 2ª mecánico de defensa contra incendios forestais.
- IV-39: auxiliar de autopsia
- IV-41: oficial/a de defensa contra incendios.

GRUPO V:

- V-10 D: socorrista.